



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2020/10

SESIÓN ORDINARIA

DO PLENO DA CORPORACIÓN

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
VENRES, 31 DE XULLO DE 2020

No día de hoxe, ás **20:40 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN ORDINARIA** do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

ASISTEN:

PP (GPM do PP)

RAMON MARTINEZ RIAL

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA

RAMÓN FIGUEROA PÉREZ (GPM PP)

YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS (GPM PP)

JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)

JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO

BEATRIZ GONZALEZ BARGO

IVAN BERMUDEZ CASTRO

BNG (Grupo Mixto)

ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Parte resolutiva:

- 1 Aprobación, se procede, dos borradores das Actas das seguintes sesións plenarias:
 - a. Extraordinaria do 13.03.2020
 - b. Extraordinaria do 16.06.2020
 - c. Extraordinaria do 17.06.2020
 - d. Extraordinaria e Urxente do 03.07.2020
- 2 Aprobación inicial, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 10 para adaptala á Lei de Contratos do Sector Público.
- 3 Aprobación inicial, se procede, da modificación puntual núm. 1 do PXOM do Concello de Lousame.
- 4 Aprobación, se procede, da moción do GPM do PP para instar ao goberno de España a non apropiarse dos recursos das Entidades Locais.

Parte de Control:

- 5 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, da 290/2020 á 372/2020.
- 6 Dación de conta do PMP do 2T 2020.
- 7 Inclusión, se procede, de mocións por razón de urxencia
- 8 Rogos e Preguntas.

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS ANTERIORES SESIÓN.

A Alcaldía sinala que vai someter a votación os borradores das Actas das anteriores sesións. Pregunta se hai algún tipo de observación. Ante a ausencia de observacións, somete as Actas a votación.

→ *Acta da sesión plenaria extraordinaria do 13.03.2020*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria extraordinaria do 13.03.2020

→ *Acta da sesión plenaria extraordinaria do 16.06.2020*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria extraordinaria do 16.06.2020

→ *Acta da sesión plenaria extraordinaria do 17.06.2020*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria extraordinaria do 17.06.2020





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

→ *Acta da sesión plenaria extraordinaria e urxente do 03.07.2020*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria extraordinaria e urxente do 03.07.2020

2) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 10 PARA ADAPTALA Á LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 28.07.2020) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

.....

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por unanimidade dos sete (7) concelleiros presentes, sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte ACORDO:

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

3

Antecedentes Administrativos:

1. O Concello de Lousame acordou, no seu momento, a imposición e aprobación da Ordenanza Fiscal núm. 10, reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos. (BOP 29 do 12.02.2015).
2. O artigo 6.4 da Ordenanza Fiscal esixe o pagamento dunha taxa a aqueles empresarios que participen nun procedemento de licitación. O seu texto literal é o seguinte: *“Por cada proposición para tomar parte en contratación de obras, subministros ou servizos: 30,00 €”*
3. A Lei de Contratos do Sector Público, Lei 9/2017, do 8 de novembro, no seu artigo 136.4 preceptúa o seguinte: *“La presentación de proposiciones o la recepción de la documentación en formato electrónico necesaria para la presentación de las mismas en cualquier procedimiento, no podrá suponer la exigencia de cantidad alguna a los licitadores”*.
4. Para adaptar a Ordenanza Fiscal núm. 10, reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos á Lei de Contratos do Sector Público, Lei 9/2017, do 8 de novembro, preténdese modificar a dita ordenanza fiscal, eliminado o parágrafo 6.4.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Fundamentación Xurídica:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local
2. O procedemento para aprobar a modificación da ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
3. É necesario aplicar a tramitación de urxencia regulada no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; xa que o retraso na entrada en vigor da modificación restaría potencialidade, eficacia e eficiencia á finalidade pública perseguida (adaptación da Ordenanza Fiscal á Lei de Contratos do Sector Público)
4. Pode prescindirse do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da LPAC, por aplicación do mesmo artigo 133.4 ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Prescindir do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4, ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

Segundo: Acordar, en aplicación do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a tramitación de urxencia, que supón a redución á metade dos trámites do procedemento. Xustifícase a aplicación da urxencia xa que o retraso na entrada en vigor deste acordo restaría potencialidade, eficacia e eficiencia á finalidade pública perseguida (adaptación da Ordenanza Fiscal á Lei de Contratos do Sector Público)

Terceiro: Aprobar inicialmente a modificación da *Ordenanza Fiscal núm. 10 reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos*, modificación que consistirá na supresión do parágrafo 4 do seu artigo 6 ("Por cada proposición para tomar parte en contratación de obras, subministros ou servizos: 30,00 €")

Cuarto: Abrir un período de información pública, por un prazo de 15 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Quinto: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Sexto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza terá lugar cando se publique completamente o texto da modificación no Boletín Oficial da Provincia".





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

1. O Concello de Lousame acordou, no seu momento, a imposición e aprobación da Ordenanza Fiscal núm. 10, reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos. (BOP 29 do 12.02.2015).
2. O artigo 6.4 da Ordenanza Fiscal esixe o pagamento dunha taxa a aqueles empresarios que participen nun procedemento de licitación. O seu texto literal é o seguinte: *"Por cada proposición para tomar parte en contratación de obras, subministros ou servizos: 30,00 €"*
3. A Lei de Contratos do Sector Público, Lei 9/2017, do 8 de novembro, no seu artigo 136.4 preceptúa o seguinte: *"La presentación de proposiciones o la recepción de la documentación en formato electrónico necesaria para la presentación de las mismas en cualquier procedimiento, no podrá suponer la exigencia de cantidad alguna a los licitadores"*.
4. Para adaptar a Ordenanza Fiscal núm. 10, reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos á Lei de Contratos do Sector Público, Lei 9/2017, do 8 de novembro, preténdese modificar a dita ordenanza fiscal, eliminado o parágrafo 6.4.

5

Fundamentación Xurídica:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local
2. O procedemento para aprobar a modificación da ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
3. É necesario aplicar a tramitación de urxencia regulada no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; xa que o retraso na entrada en vigor da modificación restaría potencialidade, eficacia e eficiencia á finalidade pública perseguida (adaptación da Ordenanza Fiscal á Lei de Contratos do Sector Público)
4. Pode prescindirse do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da LPAC, por aplicación do mesmo artigo 133.4 ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA:**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Primeiro: Prescindir do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4, ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

Segundo: Acordar, en aplicación do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a tramitación de urxencia, que supón a redución á metade dos trámites do procedemento. Xustifícase a aplicación da urxencia xa que o retraso na entrada en vigor deste acordo restaría potencialidade, eficacia e eficiencia á finalidade pública perseguida (adaptación da Ordenanza Fiscal á Lei de Contratos do Sector Público)

Terceiro: Aprobar inicialmente a modificación da *Ordenanza Fiscal núm. 10 reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos*, modificación que consistirá na supresión do parágrafo 4 do seu artigo 6 (*"Por cada proposición para tomar parte en contratación de obras, subministrados ou servizos: 30,00 €"*)

Cuarto: Abrir un período de información pública, por un prazo de 15 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Quinto: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Sexto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza terá lugar cando se publique completamente o texto da modificación no Boletín Oficial da Provincia".

6

3) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 1 DO PXOM DO CONCELLO DE LOUSAME

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 28.07.2020) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

.....

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por cinco (5) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e GPM Mixto) e dúas (2) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte ACORDO:

"O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción do presente acordo, en virtude do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e á vista dos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Antecedentes Administrativos:

1. Documento incorporado ao expediente electrónico 2019/X999/000145 o día 06/11/2019 denominado: *Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestións normativas: Avance da modificación puntual do PXOM.*
2. Documento incorporado ao expediente electrónico 2019/X999/000145 o día 06/11/2019 denominado: *Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestións normativas: documento ambiental estratéxico.*
3. Oficio da Alcaldía do día 06/11/2019 dirixido á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Na aplicación do artigo 60 da LSG, o Concello de Lousame traslada ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica e un borrador co contido necesario para a súa análise urbanística, así como o documento ambiental estratéxico.
4. Documento xustificativo da remisión dos tres documentos anteriores á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do SIR (*Sistema de Intercambio Registral*), o día 06/11/2019.
5. A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental comunica o día 08/11/2019 á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) a posta a disposición do borrador e do documento ambiental estratéxico, co obxecto de sometelo a consultas, na aplicación do artigo 60 da LSG. No cumprimento do citado requirimento a AXI, o día 10/12/2019 emite informe denominado "*Informe resposta na fase de consultas do procedemento de avaliación ambiental estratéxica*", onde emite as observacións e suxestións que considera oportunas en relación aos posibles efectos ambientais significativos da modificación que se pretende acometer.
6. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC), por resolución do día 08/11/2019, someteu a modificación puntual núm. 1 do PXOM de Lousame a consultas da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU). No cumprimento do citado requirimento, a DXOTU emite informe o día 09/01/2020 sobre as razóns de interese público que motivan a modificación, así como a análise das modificacións propostas.
7. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC), con data de 08/11/2019, somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET), o borrador e o documento ambiental estratéxico da modificación puntual núm. 1 do PXOM de Lousame, no marco do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. O IET asume as competencias en materia de paisaxe, que se exercen, de acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. No cumprimento do citado requirimento, o IET emite informe o día 27.02.2020, sinalando que a modificación proposta non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deben tomarse en consideración as recomendacións expresadas no devandito informe.
8. Resolución do 28.02.2020 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC) pola que se formula o *informe ambiental estratéxico* da Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestións normativas. Resólvese non someter a modificación





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

proposta ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ao considerar que non se producirán efectos significativos no medio ambiente.

9. Oficio da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC), do 02.03.2020, remitindo ao Concello de Lousame o *informe ambiental estratéxico*.
10. O 16.03.2020 sae publicado no DOG o informe ambiental estratéxico relativo á modificación puntual plantexada.
11. Documento denominado *Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestións normativas*, do día 23.06.2020, redactado polo técnico José Isidro López Yáñez, co obxecto de ser sometido á aprobación inicial por parte do Concello de Lousame.
12. Informe do Arquitecto Técnico Municipal, do día 15.07.2020, sinalando a conformidade da modificación plantexada coa lexislación urbanística.
13. Providencia da Alcaldía, solicitando a emisión deste informe.
14. Informe do técnico redactor da modificación puntual, do 23.07.2020 sinalando os informes sectoriais que deben ser solicitados no período de información pública.
15. Informe do técnico redactor da modificación puntual, do 23.07.2020 xustificando a non suspensión de licenzas ao abeiro do artigo 47 da LSG.
16. Informe da Secretaría-Intervención do Concello de Lousame, núm. 142/2020, do 23.07.2020.

8

Fundamentación Xurídica:

1. Polo Concello de Lousame expónse a conveniencia de promover a elaboración e posterior aprobación dunha modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal:

Tipo de instrumento:	Plan Xeral de Ordenación Municipal
Obxecto:	Modificación puntual núm. 1 do PXOM do Concello de Lousame: modificación de varias cuestións normativas.
Causas:	<i>O obxecto do presente documento é a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Lousame, co obxecto de aclarar certos aspectos normativos insuficientemente desenvolvidos no PXOM, así como adaptar outros á lexislación vixente.</i> <i>Respecto do PXOM actual compre indicar que a pesar de ter resultado un instrumento axeitado para a ordenación urbanística do termo municipal durante estes 14 últimos anos de vixencia, certos acontecementos recentes, así como a inxente normativa xurdida dende a súa aprobación, aconsellan acometer modificacións puntuais das ordenanzas de cara a solventar as lagoas legais nas que se atopa unha parte do articulado do</i>





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

documento.

2. En virtude do artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, este Pleno Corporativo

ACORDA:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación puntual nº 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lousame: modificación de varias cuestións normativas.

Segundo: Abrir un período de información pública durante 2 meses, mediante anuncio que se publicará no Taboleiro de Editos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Durante o devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran a modificación puntual nº 1 a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións ou suxestións que se estimen oportunas. Do mesmo xeito, estará a disposición na sede electrónica do Concello de Lousame.

Terceiro: Declarar que non procede a suspensión do outorgamento de licenzas, xa que a concesión de licenzas ao amparo da normativa vixente non terá repercusión sobre a modificación puntual que se está a tramitar e non levará aparellada ningunha imposibilidade de proceder á aprobación definitiva da modificación puntual, nos termos nos que se está aprobando inicialmente; tal e como consta no informe do técnico redactor da modificación puntual, que obra no expediente administrativo.

Cuarto: Remitir o expediente ao órgano competente en materia de urbanismo da Comunidade Autónoma de Galicia para que emita informe tras realizar as consultas, audiencia e solicitude dos informes sectoriais autonómicos preceptivos.

Quinto: Solicitar ás Administracións Públicas competentes os informes previstos pola lexislación sectorial que sexa de aplicación.

Sexto: Ultimados os anteriores trámites, someter de novo o expediente a consideración do Pleno Corporativo, para resolver o que proceda."

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE sinala que o seu grupo de abstivo neste asunto na Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria; e o fixeron porque lles gustaría ter un pouco máis de tempo para estudar este tema. Non son técnicos, e aínda que consta a opinión do técnico municipal no expediente, ao seu grupo tamén lle gustaría ter a opinión dalgún técnico máis. Por iso o seu grupo vai manter a abstención, non porque non sexa necesario facer a modificación.

A Alcadesa comenta que ela é partidaria sempre de dar tempo para estudar os asuntos; pero neste intre, se o expediente queda paralizado, estaríase prexudicando indebidamente a cidadáns que están pendentes desta modificación para poder solicitar licenzas e subvencións. Agora vaise producir a aprobación inicial e vaise abrir un período de 2 meses de información pública, onde





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

calquera persoa pode presentar alegacións, e solicitar os informes sectoriais oportunos... E se a modificación no se adaptase á Lei, viría de volta da Xunta de Galicia. Incluso o propio Concello, neste período podería atopar calquera erro, que podería ser emendado con ocasión da aprobación provisional da modificación. Como este acordo plenario é para empezar a tramitación, por iso non é conveniente retardalo. Ofrécese a durante este período de información pública a ter novas reunións cos técnicos e todos os grupos da Corporación, para resolver calquera dúbida que poida existir.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e Grupo Mixto) e tres (3) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

“O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción do presente acordo, en virtude do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e á vista dos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

1. Documento incorporado ao expediente electrónico 2019/X999/000145 o día 06/11/2019 denominado: *Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestións normativas: Avance da modificación puntual do PXOM.*
2. Documento incorporado ao expediente electrónico 2019/X999/000145 o día 06/11/2019 denominado: *Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestións normativas: documento ambiental estratéxico.*
3. Oficio da Alcaldía do día 06/11/2019 dirixido á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Na aplicación do artigo 60 da LSG, o Concello de Lousame traslada ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica e un borrador co contido necesario para a súa análise urbanística, así como o documento ambiental estratéxico.
4. Documento xustificativo da remisión dos tres documentos anteriores á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do SIR (*Sistema de Intercambio Rexistral*), o día 06/11/2019.
5. A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental comunica o día 08/11/2019 á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) a posta a disposición do borrador e do documento ambiental estratéxico, co obxecto de sometelo a consultas, na aplicación do artigo 60 da LSG. No cumprimento do citado requirimento a AXI, o día 10/12/2019 emite informe denominado *“Informe resposta na fase de consultas do procedemento de avaliación ambiental estratéxica”*, onde emite as observacións e suxestións que considera oportunas en relación aos posibles efectos ambientais significativos da modificación que se pretende acometer.
6. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC), por resolución do día 08/11/2019, someteu a modificación puntual núm. 1 do PXOM de Lousame a consultas da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU). No cumprimento do citado requirimento, a DXOTU emite informe o día 09/01/2020 sobre as razóns de interese público que motivan a modificación, así como a análise das modificacións propostas.
7. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC), con data de 08/11/2019, somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET), o borrador e o documento

10





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ambiental estratéxico da modificación puntual núm. 1 do PXOM de Lousame, no marco do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. O IET asume as competencias en materia de paisaxe, que se exercen, de acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. No cumprimento do citado requirimento, o IET emite informe o día 27.02.2020, sinalando que a modificación proposta non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deben tomarse en consideración as recomendacións expresadas no devandito informe.

8. Resolución do 28.02.2020 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC) pola que se formula o *informe ambiental estratéxico* da Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestións normativas. Resólvese non someter a modificación proposta ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ao considerar que non se producirán efectos significativos no medio ambiente.
9. Oficio da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC), do 02.03.2020, remitindo ao Concello de Lousame o *informe ambiental estratéxico*.
10. O 16.03.2020 sae publicado no DOG o informe ambiental estratéxico relativo á modificación puntual plantexada.
11. Documento denominado *Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestións normativas*, do día 23.06.2020, redactado polo técnico José Isidro López Yáñez, co obxecto de ser sometido á aprobación inicial por parte do Concello de Lousame.
12. Informe do Arquitecto Técnico Municipal, do día 15.07.2020, sinalando a conformidade da modificación plantexada coa lexislación urbanística.
13. Providencia da Alcaldía, solicitando a emisión deste informe.
14. Informe do técnico redactor da modificación puntual, do 23.07.2020 sinalando os informes sectoriais que deben ser solicitados no período de información pública.
15. Informe do técnico redactor da modificación puntual, do 23.07.2020 xustificando a non suspensión de licenzas ao abeiro do artigo 47 da LSG.
16. Informe da Secretaría-Intervención do Concello de Lousame, núm. 142/2020, do 23.07.2020.

11

Fundamentación Xurídica:

1. Polo Concello de Lousame expónse a conveniencia de promover a elaboración e posterior aprobación dunha modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal:

Tipo de instrumento:	Plan Xeral de Ordenación Municipal
Obxecto:	Modificación puntual núm. 1 do PXOM do Concello de Lousame: modificación de varias cuestións normativas.
Causas:	<i>O obxecto do presente documento é a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Lousame, co obxecto de aclarar certos aspectos normativos insuficientemente desenvolvidos no PXOM, así como adaptar outros á lexislación vixente.</i> <i>Respecto do PXOM actual compre indicar que a pesar de ter resultado un instrumento axeitado para a ordenación urbanística do</i>





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

termo municipal durante estes 14 últimos anos de vixencia, certos acontecementos recentes, así como a inxente normativa xurdida dende a súa aprobación, aconsellan acometer modificacións puntuais das ordenanzas de cara a solventar as lagoas legais nas que se atopa unha parte do articulado do documento.

2. En virtude do artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, este Pleno Corporativo

ACORDA:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación puntual nº 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lousame: modificación de varias cuestións normativas.

Segundo: Abrir un período de información pública durante 2 meses, mediante anuncio que se publicará no Taboleiro de Editos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Durante o devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran a modificación puntual nº 1 a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións ou suxestións que se estimen oportunas. Do mesmo xeito, estará a disposición na sede electrónica do Concello de Lousame.

Terceiro: Declarar que non procede a suspensión do outorgamento de licenzas, xa que a concesión de licenzas ao amparo da normativa vixente non terá repercusión sobre a modificación puntual que se está a tramitar e non levará aparellada ningunha imposibilidade de proceder á aprobación definitiva da modificación puntual, nos termos nos que se está aprobando inicialmente; tal e como consta no informe do técnico redactor da modificación puntual, que obra no expediente administrativo.

Cuarto: Remitir o expediente ao órgano competente en materia de urbanismo da Comunidade Autónoma de Galicia para que emita informe tras realizar as consultas, audiencia e solicitude dos informes sectoriais autonómicos preceptivos.

Quinto: Solicitar ás Administracións Públicas competentes os informes previstos pola lexislación sectorial que sexa de aplicación.

Sexto: Ultimados os anteriores trámites, someter de novo o expediente a consideración do Pleno Corporativo, para resolver o que proceda.

4) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GPM DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 28.07.2020) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por cinco (5) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e GPM Mixto) e dous (2) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte acordo:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas - adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforros", porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF)-e por tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles obriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e FEGAMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforros dos veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC. AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.

4. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais prestémoslle "a totalidade" dos aforros acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente permitíranos gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagos, o que supón que as EE.LL. non poderán utilizar a totalidade dos seus aforros durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas EE.LL. nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforros do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de Lousame, a adoptar os seguintes:

ACORDOS

Manifestar:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. O compromiso do Concello de Lousame, coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.
2. O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

Instar o goberno de España a:

3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.
4. Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á derogación da Regra de Gasto e flexibilización do resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.
5. Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP e FEGAMP, lexítimos representantes das EE.LL. e dos españois.
6. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

15

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP e da FEGAMP.

.....
A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE pide a palabra para intervir. Sinala que a moción é xenérica. No seu momento botóuselle en cara ao seu grupo traer mocións deste tipo ao Pleno. Do mesmo xeito, el tamén ten un argumentario xenérico para dar resposta a esta moción.

A Alcaldía interrompe ao voceiro do PSdG-PSOE para aclarar que cando ela manifestou a súa contrariedade a tratar mocións xenéricas, referíase a ese tipo de mocións que tratan asuntos que non son municipais ou non afectan directamente ao Concello. Pero este asunto si afecta de modo directo ao Concello de Lousame e a todos os Concellos, porque supón cortar a vía de respiración dos municipios.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

D. Julio M. D. Paradela Busto explica que os titulares dos remanentes de tesourería son os Concellos, pero a lexislación vixente impide recorrer a eles de modo libre. O goberno xa ampliou a marxe de utilización dos remanentes, pero non pode autorizar unha medida ilegal, como sería a de gastar sen ningunha restricións os remanentes acumulados nos últimos anos.

Non é verdade que o Goberno se quede cos cartos dos Concellos, xa que o goberno finánciase a xuro negativo e non precisa dos remanentes. O que fai o Goberno é permitir que os Concellos que teñan remanentes poidan investir máis en coidado, mobilidade, desenvolvemento e cultura. O acordo negociado coa FEMP contempla que os Concellos poderán voluntariamente transferir como un préstamo á AXE os seus remanentes; e o goberno á súa vez transfírelle, como un ingreso non financeiro, o 35% do remanentes, até 5.000 millóns de euros. Con esta fórmula conséguese que os Concellos poidan utilizar unha parte importante do seu remanente, xerándose un ingreso financeiro que permita incrementar o gasto público, respectando a estabilidade orzamentaria, evitando que caian en déficit.

O goberno mobiliza eses 5.000 millóns en dous anos, 2.000 millóns de euros no 2020 e 3.000 millóns de euros no 2021, por petición expresa dos Concellos, que avisaron de que non habería marxe para executar os 5.000 millóns de euros neste ano 2020.

Non é certo que os Concellos estean a financiar á Administración Central. Este acordo suporá un maior déficit para a Administración Central, xa que realizará un ingreso financeiro aos Concellos que lle computará como gasto a efectos de contabilidade nacional. É dicir, os Estado asumirá máis déficit para que os Concellos poidan investir máis. Non se pode soste que o acordo supoña unha vantaxe para o Goberno Central en detrimento dos Concellos.

Tamén se di que o Goberno impón o acordo aos Concellos. Isto non é certo. O acordo é froito dunha negociación no seo da FEMP. É unha proposta realista que beneficia a todos os Concellos.

O voceiro do GPM do BNG sinala que van a votar a favor. Gústalle que a emenda do BNG fose aceptada, e tamén lle gusta que o PP tamén solicite que se deixe sen efecto a Lei Montoro, petición que durante moitísimos anos fixo o BNG. Se os Concellos galegos foron quen de aforrar 890 millóns de euros, e sería un delito que os políticos deixaran que eses cartos marcharan de Galicia para Madrid. Concorde coa Alcaldesa de que eses cartos son aforros dos Concellos, e que os Concellos teñen todo o dereito a gastar eses cartos que foron quen de aforrar. Que non sexan outros os que decidan onde se van gastar eses aforros.

A Alcaldesa opina que as entidades locais deben ter autonomía. Temos unha situación económica grave, pero non hai que disfrazar a realidade. Os Concellos deben ter autosuficiencia e son maiores de idade para saber onde deben investir eses cartos, xa que cada Concello ten unhas necesidades diferentes. Nos adiantan unha parte agora, e logo o resto o devolverían en dez anos... E se hai unha emerxencia, unha necesidade.... e non teño fondos propios municipais... E en cambio, teño un remanente aforrado.... Non tería sentido acudir a el?

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e Grupo Mixto) e tres (3) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforros", porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF)-e por tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles obriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e FEGAMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforros dos veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC. AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.

4. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais prestémoslle "a totalidade" dos aforros acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente permitíranos gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagos, o que supón que as EE.LL. non poderán utilizar a totalidade dos seus aforros durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas EE.LL. nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforros do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de Lousame, a adoptar os seguintes:

ACORDOS

Manifestar:

1. O compromiso do Concello de Lousame, coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscrición de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

Instar o goberno de España a:

3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

4. Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á derogación da Regra de Gasto e flexibilización do resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

5. Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP e FEGAMP, lexítimos representantes das EE.LL. e dos españois.

6. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP e da FEGAMP>>

19

5) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA 290/2020 Á 372/2020

A Alcaldía-Presidencia da conta das Resolucións da Alcaldía da número 290 á número 372 do 2020, que foron remitidas xunto coa convocatoria aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada.

6) DACIÓN DE CONTA DO PMP DO 2T 2020

A Alcaldía-Presidencia da conta do período medio de pagamento do 2º trimestre 2020, que ascendeu a 29,13 días.

A Corporación dáse por enterada.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7) INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DE MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

Non se presentan mocións por razón de urxencia.

8) ROGOS E PREGUNTAS

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE anuncia que non vai formular rogos e preguntas.

O voceiro do GPM Mixto, toma a palabra. En primeiro lugar quere dar as grazas por atender a súa petición de que á Xuntanza de Voceiros se convocase cunha orde do día. Gustaríalle que seguise así o funcionamento da Corporación, porque entende que se entenden mellor entre todos.

Tamén roga que se algunha comisión de festas está interesada en facer algunha festa, como a de San Roquiño, como na igrexa o aforo permitido vai ser moi pequeno, poderíase intentar instalar no exterior algunha carpa.

A Alcaldesa sinala que hai Concellos que son organizadores das súas propias festas. Aquí cada comisión organiza as súas propias festas. As comisións están preocupadas, xa que non queren correr o risco de organizar un festexo, xa que teñen que asinar unha declaración responsable e facer cumprir as normas. Hai que ver como evoluciona todo. Esa festa á que se refire o voceiro do GPM Mixto é a finais de setembro. A día de hoxe non se lle plantexou nada ao Concello. No momento de que se plantexe, o Concello non ten ningún inconveniente en colaborar. Chama á responsabilidade de todos. A todos lles gustaría que houbera festas, pero antes é a saúde que ningunha outra cousa.

De seguido, pasa a formular as súas preguntas:

- 1) *En decembro, se non se equivoca, había convocada unha Xunta da Mancomunidade. E antes da Xunta, parece ser que houbo unha xuntanza dos Alcaldes. Gustaríalle saber se realmente houbo esa xuntanza e se a alcaldesa participou nesa reunión.*

Alcaldesa: Recorda que asistiu a unha Xunta da Mancomunidade, pero agora non recorda se asistiu a algunha xuntanza anterior. Non quere mentir, por iso vaille contestar no pleno seguinte, unha vez que fale co secretario da mancomunidade. En principio, non recorda asistir a esa xuntanza á que se refire o voceiro do GPM Mixto, pero non está segura de todo.

O voceiro do GPM Mixto comenta que a membro do BNG da Xunta da Mancomunidade, chegou ao lugar da reunión, e sen esperar a que fose a hora da Xunta entrou para dentro e xa viu aos





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldes alí reunidos. Parécelle que isto é actuar con oscurantismo, onde os Alcaldes se reúnen antes para decidir as cousas que se van tratar na Xunta.

Alcadesa: Non as deciden. Ás veces, faise unha reunión previa, cando hai algún asunto conflitivo, para estudalo antes.... Pero os asuntos decídense e vótanse na Xunta da Mancomunidade e na Asemblea. Os Alcaldes non é doado que se xunten todos... E aproveitan ese día que hai Xunta, para facer esa reunión. Son reunións para poñer cousas en común. Isto é o que ela cre, asistise ou non asistise a esa reunión de decembro. Que cre, que non asistiu, pero non o recorda exactamente.

- 2) *Falando da mancomunidade, tamén lle gustaría saber por que non se convoca a Asemblea da Mancomunidade... porque hai un ano de mandato e aínda non se convocou ningunha Asemblea. Quere saber se a Alcadesa ten información de por que non se convoca a Asemblea.*

Alcadesa: Esta pregunta ten que dirixila á Mancomunidade, e pode facelo como grupo político que é. Ela non é a Presidenta. Dirixa esa pregunta á Mancomunidade e que lle contesten por que non hai Asemblea. Non é a súa competencia convocar a Asemblea e descoñece por que non se convoca.

- 3) *Non lle gusta a contestación que se lle deu a unha veciña ("Non se pode vivir tan tranquila"). Esa veciña foi a falar con el, e quere saber que pasou... Non lle parece unha forma correcta de contestar a unha veciña.*

21

Alcadesa: Nesa reunión que houbo, uns veciños manifestaron a súa postura, outros sorprendidos escoitaron, outros se manifestaron alí ou máis tarde.... Pero en ningún momento, esas verbas ás que alude o voceiro do GPM Mixto saíron da boca da Alcadesa. Nin nesa reunión, nin fora desa reunión.

O voceiro do GPM Mixto non dixo que esas verbas as dixerá a Alcadesa.

A Alcadesa di que é dona do que ela di. Ela foi a esa reunión, acompañada dun técnico, para que os veciños lle puidesen facer todas as preguntas oportunas... e ela en ningún momento pronunciou esas palabras. Das palabras que outros pronuncien, ela non é responsable nin dona.

O voceiro do GPM di que foi alguén do grupo popular; por iso pregunta.

A Alcadesa replica que foi ela soa do grupo popular.

O voceiro do GPM insiste en que unha veciña lle chamou a el para contarlle que alguén do grupo popular lle dixerá esas verbas.

A Alcadesa coméntalle que non é ninguén para dar consellos, pero indícalle ao voceiro do GPM Mixto que hai que escoitar a todo o mundo, pero tamén hai que contrastar a información que un recibe. De todos os xeitos os comentarios son comentarios.... O que pode asegurar é que na





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

reunión formal á que asisitiu acompañada dun técnico, ela non dixo en ningún momento esas verbas.

- 4) *No sendeiro de Carabeiras hai varios veciños que están en contra. O BNG interpuxo unha denuncia en Patrimonio, porque non queren que aconteza o que pasou no outro tramo. Hai elementos patrimoniais que non están recollidos no PXOM. Quere saber, no caso de facerse o sendeiro, que vai pasar con eses elementos patrimoniais.*
- 5) *Nun Pleno anterior preguntou polo Parque da Filgueira. E segue igual. O parque de Fruíme está todo destrozado, cunhas herbas que lle dan polo peito. Gustaríalle saber se o Concello vai facer algo ao respecto.*

Alcaldesa: Ese parque xa foi desbrozado polo menos en dúas ocasións. Nese parque hai que retirar os elementos que alí hai, e ver que uso se lle vai dar a ese espazo. Se o problema son os columpios, falará cos veciños e diralles que os van levantar. Se retiran, se bota o que haxa que botar nese piso e espérase. Xa no seu momento se lixaron, se pintaron... Pero antes hai que observar ben os elementos, ven se cumpren ou non, etc. Se non cumpren, ela prefere sacalos, botar unha placa de formigón, e esperar a ter financiamento para facer outro parque. Ver se é necesario aí ou non, o facer outro tipo de parque para outras idades... Hai que estudar o asunto. Ela ten varias ideas para propoñerlle aos concelleiros, e xa o decidirán entre todos.

En relación a Fruíme, dicir que actúan todos os anos na varanda de madeira, xa se desbrozou ao redor, pero é preciso volver a facelo.... O Concello non é capaz de acabar de desbrozar todo para volver comezar coa segunda volta.... A vexetación medra moitísimo; e incluso houbo que botar man dunha empresa externa, porque cos medios municipais non se é capaz con todo.

22

- 6) *En Fruíme está a chamada "caseta do músicos". Descoñece se é propiedade do Concello ou non. O Concello podería dicir ao seu dono que a manteña pechada, porque é perigoso.... Hai frigoríficos, arcóns oxidados, coitelos...*

Alcaldesa: O Concello está reuníndose con membros dunha asociación, en relación a un muro que se caeu ao lado do monumento de Cernadas de Castro... Respecto á caseta, non pode aventurarse, pero parécelle que son terreos da Igrexa cedidos polos veciños, onde se facían as reunións das comisións, onde gardaban as cousas... Esa porta rompeu e hai que falar con eles para que poñan unha porta nova e que iso quede pechado. Tamén quere informar de que en Fruíme están acontecendo uns sucesos vandálicos importantes... Da igual que sexan contra elementos da Igrexa ou doutros entes... Son elementos patrimoniais. Roubaron unha cruz... Agora hai outra tirada no chan, sobre a que xa chamou aos arqueólogos para que se poida recuperar... Se algunha persoa ten un problema persoal con outra, eses problemas non se arranxan destruindo o que é de todos. Porque iso se fixo con moito esforzo polo nosos antergos. E isto é o que está sucedendo en Fruíme.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O cruceiro da praza xa foi arrastrado fai anos e partido en múltiples trozos. Se recolleron e se chamou a Patrimonio para a súa recuperación. Agora rouban unha cruz.... Vai ir a recoller eses trozos, gardalos, sacarlle fotos para por todo en coñecemento de Patrimonio....

Por iso quere facer un chamamento para que se respecte o Patrimonio, que é de todos.

- 7) *O BNG retirou toda a publicidade electoral das farolas. Non foi o último grupo en retirar. Aclara que puxeron a publicidade nas farolas como marcaba a Xunta Electoral de Zona.*

Alcaldesa: Quere agradecer a colaboración de todos os grupos en retirar a publicidade electoral en tempo e forma, porque así damos exemplo.

- 8) *Pregunta cando se vai cortar nos camiños, en Lesende e Béxeres, non se limpan as beirarrúas. Xa que están sen limpar. Os veciños preguntáronlle a quen estaba limpando, que por que non o facían, e contestaron que como era manzanilla non se podía limpar.*

O primeiro tenente de Alcalde, D. Ramón M. Martínez Rial, sinala que dende o Concello non se lle deu ningunha orde aos obreiros nese sentido; isto é, de que deixen de limpar onde haxa manzanilla.

Alcaldesa: Di que hai moitos lugares onde aínda non se puido acometer a limpeza... Ás veces empezan a limpar unha zona, e teñen que deixar para ir a outro sitio, porque houbo unha urxencia, hai que limpar a entrada do campo, hai que ir a unha depuradora... E todos os días é así... E non chegan os medios que ten o Concello para atender a todo....

23

- 9) *Quere saber se para arranxar a estrada que vai á Escabía, xa se comprou o terreo...*

Alcaldesa: Di que se trata dunha cesión. Tanto ese propietario como outro veciño de Zaramagoso, suxeriron facer esa cesión. O único que pediu é que a terra que se sacase de alí, se botase na parte dereita, en vez de trasladala a outro lado... Cousa que aínda beneficia ao Concello. E foi o que se fixo.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e corenta minutos (21:40 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

María Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

